

Axuda/Subvención: axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.

Obxecto das axudas: facilitar unha cobertura económica ás persoas traballadoras afectadas por procesos de extinción de relacións de traballo, por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción, sempre que cumpran os requisitos e condicións nela exixidos, mentres non accedan á situación de xubilación, na súa modalidade contributiva no sistema da Seguridade Social.

Solicitantes: poderán acollerse a este tipo de axudas as empresas afectadas por procesos de reestruturación producidos por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción, previstas nos artigos 51 e 52 c) do Estatuto dos traballadores, para aqueles traballadores e traballadoras que, afectados polos ditos procesos, vexan extinguida a súa relación de traballo, logo de conformidade expresa e individual de cada un deles, sempre que estes, ao alcanzar a idade ordinaria para o acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva, no réxime da Seguridade Social de encadramento, teñan ou puideran ter cuberto o período de cotización exixido para causar dereito á citada pensión de xubilación no dito réxime, estean en alta ou situación asimilada nel e teñan, como mínimo, 60 anos de idade, real ou teórica por aplicación dos coeficientes redutores da idade, cando accedan ao sistema destas axudas.

Plazo de solicitude: as axudas solicitaranse nos catro meses seguintes á data en que se aprobe o expediente de regulación de emprego ou da data efectiva de despedimento, segundo o tipo de extinción do contrato de que se trate, indicando, ademais que a data límite para cada exercicio orzamentario será a do 15 de outubro de cada ano

Máis Información: [D.O.G. - Orde do 12 de xuño de 2008](#) (DOG nº 119, do 20 de xuño)

Consellería de Traballo e Benestar: Complexo Administrativo San Lázaro, s/n 15781 Santiago de Compostela *Correo-e:* web.traballo@xunta.es *Tel.:* 981 544 619 / 21 - *Fax:* 981 545 620